

ADDENDA AO CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ENTIDADE LA UNIÓN DE SARRIA CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO, RESTAURACIÓN E MELLORA INTERIOR DO EDIFICIO SOCIAL DA UNIÓN” NA ANUALIDADE 2019. (APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 25 DE OUTUBRO DE 2019)

En Lugo, a de de 20....

INTERVEÑEN

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don José Quiñoá Díaz, con DNI 76608619N, na súa condición de representante, actúa en nome e representación da entidade LA UNIÓN DE SARRIA, en adiante Entidade beneficiaria, con CIF G27020023 e con sede social en Rúa Matías López, 19 - Sarria, concello de Sarria, na provincia de Lugo, con poderes suficientes para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actuando dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para a formalización do presente convenio.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a Xunta de Goberno da Deputación mediante acordo de data 25 de outubro de 2019, prestou aprobación á subvención de 45.000,00€ a conceder á entidade LA UNIÓN DE SARRIA co obxecto de colaborar no financiamento da execución da actuación “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da Unión” no ano 2019, podéndose atopar incluída nos obxectivos xerais da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

Segundo.- o convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade La Unión de Sarria co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da unión” na anualidade 2019 , formalizouse o 8 de novembro de 2019.

Terceiro.- O representante de La Unión de Sarria remitiu, o 22 de novembro de 2019 (2019RPE025921), á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento escrito no que literalmente solicita: *“(...) que se nos conceda unha ampliación no prazo de execución e xustificación da obra de “Proxecto de acondicionamento, restauración e mellora interior do edificio social da Unión” ata a data do 30 de xuño de 2020, e poder cumprir así o obxecto do convenio”*.

E con base en tales antecedentes, ambas as dúas partes consideran oportuno formalizar esta addenda ao convenio, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas primeira, cuarta, oitava e duodécima do citado convenio asinado o 3 de xuño de 2019, que quedarán redactadas no seguinte senso:

- **Cláusula Terceira.-** Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

“O orzamento total, inicialmente previsto, de execución da acción ou proxecto ascende á cantidade total de 47.585,84€, de acordo co orzamento achegado coa solicitude que consta no expediente.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da devandita actuación non implica relación laboral algunha entre os traballadores e a Deputación, polo que non poderá esixirse a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2019 e ata o 30 de xuño de 2020”.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Son gastos realizados, e por tanto subvencionables, os xustificados na anualidade correspondente e que fosen efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou as súas prórrogas, no seu caso. O gasto realizado debe acreditarse coa presentación de facturas e/ou xustificantes de gasto oportunos, sendo necesario que o mesmo se atope pagado e que se acredite o seu pago.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma”.

- Cláusula Oitava.- Xustificación e aboamento das subvencións

“Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria deberá xustificar a acción, proxecto ou conducta subvencionada, e en todo caso, como máximo o 30 de xuño de 2020. Logo de transcorrer este prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada.

No desenvolvemento deste trámite aplicarase o previsto no artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro en canto a declarar, aos interesados, decaídos no seu dereito a este trámite.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza Xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral vixente.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da Entidade beneficiaria, da seguinte documentación xustificativa:

- *Solicitude debidamente cumprimentada.*
- *Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable*
- *Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:*

- 1. Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).*
- 2. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).*

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputan á Deputación Provincial de Lugo.

- *Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior achegándoas polo custe total da actuación subvencionada. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán ser devoltos á Entidade beneficiaria, beneficiaria da subvención, se así o solicita, unha vez estampillados polo órgano xestor.*
- *Certificacións de obra e acta de recepción da mesma. Esta documentación poderá ser substituída, previa comunicación á Deputación polo beneficiario, por un informe favorable emitido por un técnico competente desta entidade trala súa comprobación “in situ”.*
- *Dúas fotografías do investimento realizado.*



- Ao tratarse de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar tanto na escritura, coma no rexistro público correspondente, o seguinte:

Deberá especificarse o outorgamento desta subvención, tomando como referencia o “Manifestan segundo” que aparece neste convenio.

Deberá indicarse que a entidade beneficiaria destinará os bens ao fin concreto para o que foi concedida esta subvención por un período mínimo de 5 anos.

Tamén deberá indicarse o importe da subvención concedida.

- Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o orzamento estimado e o gasto efectivamente xustificado.
- Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinado polo receptor, con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).

- Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.
- Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.
- Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
- Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
- No caso de non tramitarse o anticipo contemplado neste convenio, a Entidade beneficiaria achegará a documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.
- No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-311000423. De non cumprirse

esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da achega até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a ésta.

O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola Entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu abono no caso de que a Entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

A falta de xustificación da subvención concedida, conforme ao réxime determinado nesta cláusula, conlevará a incoación do procedemento para declarar a perda do dereito a subvención; no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta a tramitación do correspondente procedemento de reintegro e demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Procederá o reintegro, en todo caso, dos fondos percibidos, nos supostos de incumprimento da xustificación e dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e nos demais casos previstos neste convenio ou na normativa de aplicación”.

- Cláusula Duodécima.- Prazos de xustificación.

“Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria deberá xustificar a acción, proxecto ou conducta subvencionada, e en todo caso, como máximo o 30 de xuño de 2020. Logo de transcorrer este prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, as partes asinantes, poderán acordar a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas”.

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda, permanecerán invariables.

Ambas partes, acordan incorporar ao convenio suscrito con data 8 de novembro de 2019, esta addenda, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 4 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto en lugar e data ut supra, do que como Secretaria dou fe.

“O PRESIDENTE,

Asdo.: José Tomé Roca”

O REPRESENTANTE DE LA UNIÓN DE SARRIA

Asdo. : José Quiñoá Díaz

A SECRETARIA XERAL,

Asdo.: María Esther Álvarez Martínez